



**Informe de modificacións da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” trala resolución pola que se formula a Declaración Ambiental Estratéxica (DAE) e o informe sobre o procedemento de tramitación a seguir segundo á Lei 1/2021, do 18 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia**

Recibido en data 28/05/2021 o informe sobre o procedemento de tramitación a seguir segundo á Lei 1/2021, do 18 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. E, recibida en data 02/06/2021 a Resolución pola que se formula a Declaración Ambiental Estratéxica (DAE) emitida polo órgano ambiental.

En aplicación do artigo 26 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e artigo 54 da Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, esta dirección xeral vén de incorporar o contido da declaración ambiental estratéxica na 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, do seguinte xeito:

**Modifícase a medida I.1.1. Programa de fomento de xestión activa de frondosas autóctonas**

Despois do seguinte parágrafo:

A segunda liña de actuación deste instrumento sería a conservación activa e dinamización da xestión dos bosques de ribeira. Atribuirase aos bosques de ribeira o papel de formacións forestais prioritarias e de especial interese natural. Evitarase activamente a eliminación do bosque de ribeira e a intrusión de especies exóticas invasoras na ribeira e na zona de servidume e policía. Por outra banda, aplicaranse medidas de restauración hidrolóxico-forestal, con especial fincapé na mellora dos bosques de ribeira en aquelas cuncas e tramos fluviais con síntomas de degradación ecolóxica por arrastre de sedimentos, contaminación de augas, incendios forestais ou presenza de especies exóticas.

Incluiranse estes parágrafos:





Nestes ecosistemas ripícolas nas plantacións de enriquecemento empregaranse pés de especies idóneas e aptas priorizando o criterio ecolóxico para que as plantacións nas zonas de servidume teñan como finalidade principal a restauración ambiental, tal como sinala a lexislación de augas, paisaxe e patrimonio natural baseando dito criterio no seu importante papel na protección do dominio público hidráulico, como corredores ecolóxicos, por representar hábitats de interese comunitario (3260, 3270, 91E0\*, 91F0, 92A0) e como elementos conformadores da paisaxe.

Debe evitarse tamén a incidencia de tratamentos silvícolas e plantacións sobre zonas húmidas e hábitats de interese comunitario que poden estar asociados ás ribeiras, nacentes e zonas de asolagamento, en especial os de carácter prioritario como son os queirogais húmidos (4020\*), diversos tipos de turbeiras e medios higrófilos (7110\*, 7130\*, 7210\*, 7220\*, 91D0\*), as turbeiras de cobertoira (7130\*) xunto cos bosques aluviais (91E0\*).

**Modifícase a medida I.1.3. Programa de actuación e iniciativas que contribúan a controlar a superficie dedicada a eucalipto**

Modifícase o seguinte parágrafo:

Aplicación dun **Programa de transformación de eucaliptais** degradados. As formacións obxectivo son eucaliptais de baixa produtividade e en estado de abandono, cunha elevada carga de combustible na hectárea, especialmente aquelas formacións que se atopan en determinadas zonas (PAAI) onde son reiteradamente obxecto de actividade incendiaria, o que orixina adicionalmente episodios de rexeneración intensa post-incendio. Potenciaríanse as replantacións ou a axuda á rexeneración natural, promovendo en especial a transformación a piñeiral, preferentemente de *Pinus pinaster* naquelas parcelas de obxectivo produtor.

Do seguinte xeito:

Aplicación dun **Programa de transformación de eucaliptais degradados**. As formacións obxectivo son eucaliptais de baixa produtividade e en estado de abandono, cunha elevada carga de combustible na hectárea, especialmente aquelas formacións que se atopan en determinadas zonas (PAAI) onde son reiteradamente obxecto de actividade incendiaria, o que orixina adicionalmente episodios de rexeneración intensa post-incendio. Este programa tamén priorizará a transformación de terreos nos que estas plantacións se teñan realizado





sobre hábitats naturais de interese comunitario prioritarios, como os bosques aluviais, brezais húmidos e as turbeiras. Potenciaríanse as replantacións ou a axuda á rexeneración natural, promovendo en especial a transformación a piñeiral, preferentemente de *Pinus pinaster* naquelas parcelas de obxectivo produtor.

Engádense os seguintes parágrafos:

Considérase que o obxectivo establecido para que ao final do cuarto quinquenio (2036-2040) a superficie total teña diminuído até un 5% da superficie actual (medida I.1.3) debe de ser un mínimo de partida que cómpre revisar dun xeito máis ambicioso ao abeiro do datos fornecidos polo Inventario forestal continuo de Galicia e a elaboración dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF); e para elo terase en conta:

- A superficie total ocupada polas plantacións e a demanda do recurso (medida IV.3.1).
- As características, os valores e as aptitudes para outros usos dos terreos ocupados por plantacións deste xénero.
- As superficies de hábitats naturais, hábitats de especies protexidas e de espazos naturais protexidos alteradas e con posibilidades de recuperación. En especial as zonas húmidas tales como brañas, breixeiras e turbeiras, así como masas de bosque autóctonos transformados nos últimos anos.
- As necesidades de establecer bosques e formacións cun papel máis protector do solo e do ciclo hídrico (medida II.1.1).
- A adaptación ao cambio climático e a prevención do risco de incendio forestal, considerando a necesidade de crear discontinuidades con masas de frondosas autóctonas (medida I.1.1) e zonas de uso silvopastoril (medida IV.1.1).
- Desenvolvemento da estratexia galega de infraestrutura verde (medida I.1.6).

**Modifícase a medida I.1.4. Medidas de fomento e directrices para conservación e mellora da biodiversidade**

Engádense dentro do Programa de control de vexetación invasora, o seguinte parágrafo:

Este Programa establecerá os procedementos de traballo e colaboración, entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia con competencias, á fin de incorporar as necesarias





medidas de prevención fronte as novas invasións (evitar movementos de terras, depósitos de restos vexetais de xardinería, etc.) así como aquelas medidas dirixidas á detección e erradicación temperá.

Modifícase o último parágrafo do devandito Programa, do seguinte xeito:

O Programa refírese a especies invasoras en terreos forestais, debendo estar en coordinación con medidas xerais como o Plan Estratéxico de Especies Exóticas Invasoras de Galicia (consellería competente en materia de medio ambiente). En particular para terreos de monte deberase extremar a vixilancia sobre as seguintes especies de capacidade invasora evidente: *Cortaderia selloana* (plumeiro ou herba da Pampa), *Hakea sericea*, *Acacia mearnsii*, *Acacia longifolia*, *Paraserianthes lophantha* ou *Helichrysum petiolare*. Neste sentido o Inventario forestal continuo de Galicia (medida V.1.1) pode ser unha oportunidade para detectar os focos existentes. Asemade, é importante a coordinación cos organismos de cunca e coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural no que se refire ás medidas adecuadas de control/erradicación en espazos naturais protexidos e no dominio público hidráulico.

#### **Modifícase a medida I.1.6. Ordenación do uso socio recreativo en montes periurbanos**

Engádese este parágrafo:

Cómpre ademais que a xestión destes montes inclúa criterios dirixidos a poñer en valor os servizos ecosistémicos que están a prestar, tales como o fomento da biodiversidade ou a protección aos ciclos de auga e solo, entre outros.

E inclúese un novo indicador:

Porcentaxe de montes periurbanos con servizos ecosistémicos certificados por calquera sistema de certificación forestal internacionalmente recoñecido.

#### **Modifícase a medida I.2.1. Xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao cambio climático**

Engádese este parágrafo:





Finalmente os modelos silvícolas ou de xestión forestal deberán incluír información dos servizos ecosistémicos que achegan, sexa almacenamento de carbono (pola súa relación directa co secuestro de CO<sub>2</sub>), mitigación da erosión do solo, provisión da auga ou a riqueza específica que ditos ecosistemas albergan. Asemade esta acción, débese complementar con outras, á fin de amplificar seu impacto mediante un efecto sinérxico, deste xeito as autorizacións administrativas poden incorporar as toneladas de carbono absorbido (cortas de madeira) ou incluso, mediante a implantación de novas tecnoloxías, a pegada de carbono dos produtos de madeira ou baseados en madeira poderá ser informada aos consumidores.

#### **Modifícase a medida II.1.1. Programa de montes protectores**

Modifícase o seguinte parágrafo:

Convén precisar que, en aplicación da normativa vixente, os montes con marcado carácter protector serán causa de declaración de monte de utilidade pública (e inclusión no Catálogo correspondente) no caso de montes públicos patrimoniais ou de declaración de monte protector (e inclusión no Rexistro de montes protectores de Galicia) no caso de montes privados.

Do seguinte xeito:

Convén precisar que, en aplicación da normativa vixente, os montes públicos patrimoniais ou montes privados poderán ser declarados como monte protector (e incluídos no Rexistro de montes protectores de Galicia) consonte as distintas posibilidades que ofrece a aplicación dos artigos 21 e 27 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Entre elas están as finalidades de contribuír á conservación da diversidade biolóxica ou as vinculadas á protección e mellora da calidade de vida da zona ou ao lecer e esparexemento dos cidadáns

#### **Modifícase a medida II.3.4. Revisión e actualización dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos forestais de Galicia**

Engádese o seguinte parágrafo:

É conveniente que estes plans de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos forestais incorporen cláusulas ou directrices que eviten ou corrixan efectos





ambientais adversos, tales como; posible afección a hábitats naturais e ás redes de drenaxe, xeración de procesos erosivos, fragmentación do hábitat de anfibios e outras especies polos puntos de auga ao afectar a mananciais de cabeceira e estar dotados os depósitos de paredes verticais.

**Modifícase a medida IV.2.2. Programa de incremento de produtividade e redución de combustibilidade de eucaliptais existentes**

Engádense os seguintes parágrafos:

Seguindo as recomendacións dadas por investigadores ibéricos, débense establecer medidas para que as plantacións mal xestionadas e que se atopan situadas en áreas aptas para o eucalipto teñan unha produtividade próxima ao potencial. Isto implica poñer a disposición no mercado plantas produtivas, xeneticamente diversas, tolerantes a factores climáticos adversos e coas propiedades madeireiras adecuadas para a industria á hora de establecer novas plantacións e optimizar a xestión forestal a nivel de parcela. Para lograr este obxectivo, o recoñecemento de propietarios ou asociacións ou agrupacións forestais de xestión conxunta (medida III.1.2) como silvicultores activos (III.2.1) pode conducir á implementación de medidas de política destinadas a fomentar un enfoque profesional da silvicultura.

O fomento dunha silvicultura activa con modelos de xestión intensivos debe ir acompañado cun compromiso do titular ao respecto dunhas boas prácticas que aseguren unha xestión forestal de xeito sustentable. Nesa liña, o órgano forestal de Galicia, deberá establecer medidas para que os silvicultores galegos cumpran cos compromisos voluntariamente adquiridos, lembremos que a actual lexislación en materia de adhesión a modelos de silvicultura ou de xestión forestal obriga a respectar, cando menos, prácticas como (ver Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia):

- Fomentar, na súa planificación, o mantemento e conservación da diversidade de especies e ecosistemas na unidade de xestión, tales como a creación de mouteiras maduras nas que se dean procesos de naturalización.





- Fomentar, na súa planificación, o mantemento das árbores mortas, sempre que non supoñan riscos na estabilidade do ecosistema (pragas, enfermidades ou incendios)
- Promover a formación de masas mixtas ou, cando menos, asegurar a aparición e mantemento de especies acompañantes á principal, especialmente frondosas autóctonas, que proporcionen máis estabilidade ao ecosistema forestal.
- Velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola, é dicir, aquelas situadas nas marxes das canles fluviais.
- Triturar os restos forestais. Alternativamente poderanse retirar os restos do monte para o aproveitamento enerxético ou compostaxe, sendo aconsellable deixar unha porcentaxe mínima dun 30 % (fraccións máis finas) co fin de non impactar no ciclo de nutrientes do solo de forma significativa.
- Empregar produtos fitosanitarios químicos unicamente en casos excepcionais e sempre con produtos autorizados e de acordo coas especificacións establecidas (doses, medidas de seguridade e saúde...). Xustificar tecnicamente a aplicación destes produtos autorizados. Sempre que sexa posible, recoméndase a utilización de técnicas de loita integrada.
- Minimizar o uso de tratamentos silvícolas que produzan graves impactos paisaxísticos. Para isto, racionalizaranse as superficies de corta a feito e deixaranse pequenas mouteiras maduras ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta, así mesmo fomentaranse nas cortas a feito perímetros irregulares que supoñan un menor impacto visual e paisaxístico.
- Adoptar as medidas necesarias para minimizar os impactos: na vexetación remanente despois da corta de rexeneración ou do tratamento silvícola, no solo a longo prazo, así como nas infraestruturas forestais, nomeadamente pistas e devasas, evitando compactamento e afectación ao sistema de drenaxe.

**Modifícase a medida IV.2.4. Programa de mobilización dos recursos madeireiros establecidos na ficha**

Modifícase o terceiro parágrafo da “Descrición e criterios de aplicación das medidas” do seguinte xeito:







No referente a infraestruturas, acéptase na actualidade que as densidades existentes son suficientes mesmo en áreas de montaña (directriz número 30 do GT do CFG), polo que as actuacións para aplicar serán:

- Dinamizar a xestión conxunta en monte privado, como mecanismo que permitirá racionalizar os niveis actuais excesivos de densidade en moitas comarcas, pero aumentando a calidade construtiva da rede.
- Elaborar un inventario cartográfico continuo de pistas forestais principais (V.1.2), incluíndo unha avaliación do seu estado e unha caracterización dos seus principais atributos (pendente, radio curvatura, ancho, tipo de firme...).
- Planificar a rede viaria forestal de pistas principais a nivel de distritos forestais no correspondente PORF, promovendo a racionalización, eficiencia, optimización, mellora e mantemento, aproveitamento e redución do impacto das pistas actuais. Evitar a creación de novas pistas.
- Mellorar a calidade global das pistas forestais, entendida como pendentes máximas, radios de curvatura, ancho de pistas e frecuencia de cruces e apartadoiros.
- Para mellorar o estado da rede viaria debe establecerse unha liña específica de axudas para a creación/mantemento das pistas de titularidade privada.
- Desenvolver as características e esixencias construtivas das pistas, apartadoiros e cargadoiros mediante pregos básicos, en aplicación da normativa vixente.
- Debe desenvolverse regulamentariamente a autorización previa da Admón. competente para a creación de novas pistas forestais, así como para reforma, modificación, transformación ou renovación das pistas forestais principais que alteren o seu carácter agroforestal.

**Modifícase a medida VI.1.2. Desenvolvemento dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais: contido e alcance, vinculación e rango xerárquico**

Eliminando os seguintes parágrafos:

Os terreos de alto valor forestal declarados de Alta *Produtividade Forestal* nun PORF, serán incluídos de oficio no **Catálogo de Solos Rústicos de Protección Forestal**, conforme á Lei







2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cuxo uso forestal produtivo en principio será prevalente sobre outros usos do solo.

Neste Catálogo deberán incluírse, cando menos, aquelas superficies de monte ou terreo forestal inscritas no Sistema Rexistral Forestal de Galicia, ao abeiro do artigo 126 da Lei 7/2012, de 2 de xuño, de montes de Galicia.

Os PORF, considerados instrumentos de ordenación do territorio forestal, **estarán subordinados ás Directrices de Ordenación do Territorio** de Galicia, así como aos *plans territoriais integrados e programas coordinados de actuación* que lles afecten, tendo para estes efectos a consideración de **Plans de Ordenación do Medio Físico (plan territorial de carácter sectorial en materia forestal para un ámbito supramunicipal)** de aplicación **ao solo forestal** (terreo forestal que teña a condición legal de monte conforme á lei galega de montes). Así mesmo, durante a súa elaboración deberán ter en conta todas as afeccións sectoriais de aplicación.

En canto ao seu grao de vinculación, os PORF terán carácter *complementario e supletorio* respecto aos instrumentos de ordenación *do territorio* e de plan *urbanístico* que afecten ao seu ámbito de aplicación, é dicir que se aplicarán *subsidiariamente* no que non dispoñan os instrumentos de planificación territorial e urbanística en materia de solo forestal, aparte de ter carácter *indicativo* respecto doutros *plans sectoriais*, conforme ao disposto respecto diso no artigo 74 da vixente lei de montes galega.

E engadindo os seguintes parágrafos:

Estes Plans realizarán a **zonificación por usos e vocación do territorio**, establecendo para cada zona os obxectivos, compatibilidades e prioridades, considerando ademais da produción de madeira, os outros produtos do monte e os servizos ecosistémicos que pode subministrar, como o papel protector do solo e do ciclo hídrico, a paisaxe ou a biodiversidade. Asemade, os modelos silvícolas orientativos para a xestión e aproveitamento dos montes deben protexer eses valores e garantir que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas.

A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, regula a figura do **Catálogo de solos agropecuarios e forestais**, como o **instrumento marco para a ordenación** dos usos do territorio rural: será o instrumento de delimitación recollido nas letras a) e b) do artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente





aos **solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal**, que unha vez delimitados polo catálogo (e catálogos parciais) adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección agropecuaria ou forestal, respectivamente, en función da cualificación da que formen parte no dito catálogo, de acordo co disposto no dito artigo 34.2 da Lei do solo de Galicia.

Segundo o artigo 32 da Lei 11/2021, do 14 de maio, os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico, así como os plans derivados de políticas sectoriais que teñan incidencia no territorio, deberán ter en conta as determinacións do Catálogo de solos agropecuarios e forestais e dos catálogos parciais, resultando directamente vinculante o contido dos catálogos desde a súa entrada en vigor e prevalecerá sobre a información que, sobre o solo rústico, se reflicte nos planos que integran a cartografía do Plan básico autonómico de Galicia, así como tamén sobre calquera instrumento de planeamento urbanístico vixente.

Os PORF **terán, de ser o caso, a consideración de Plans Territoriais Especiais** dos regulados nos artigos 32 e seguintes da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia, sen prexuízo da súa consideración como figuras de ordenación sectoriais previstas na lexislación vixente en materia forestal, e coa natureza específica de instrumentos de planificación forestal nos termos previstos no artigo 71 en relación cos artigos 74 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

No caso de configurarse finalmente como Plans Territoriais Especiais, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, as súas determinacións terán, en todo caso, a eficacia que sexa congruente coa súa funcionalidade, polo que expresarán de forma clara e inequívoca o alcance co que deberán operar, de acordo co establecido no artigo 20 de dita Lei.

**Modifícase a medida VI.2.1.Fomento de proxectos de ordenación de montes e instrumentos equivalentes de xestión forestal sustentable**

Engádesse o seguinte parágrafo:

Finalmente, e tal como dispoñen as actuais instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, os instrumentos de ordenación ou xestión deben contemplar as limitacións á xestión en espazos suxeitos a algún réxime de protección especial ou de





xestión que as diferentes lexislacións sectoriais tiveran establecido, sexa en materia de patrimonio natural ou cultural, réxime hidrolóxico de concas, ou directrices en materia de paisaxe, entre outras.

En Santiago de Compostela

O Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

(asinado dixitalmente)

José Luis Chan Rodríguez

